

SATÁN E AS BRUXAS

Xosé Ramón Mariño Ferro

Nos anos sesenta xurdiu nos Estados Unidos e logo espallouse por todo Occidente, un renovado interese por Satán. Fálase da súa “segunda vinda”, considerando como a primeira a súa intervención nos asuntos humanos durante a época das grandes persecucións por bruxería.

O demo da Idade Meia é xa ese ser cornudo e con cheiro a xofre que en Galicia coñecemos polos contos populares. Durante os séculos XVI e XVII non cambia de aspecto, pero vólvese moito máis activo. Non se contenta con tentar ós homes senón que, directamente ou coa colaboración das bruxas, afánase en destruír colleitas, matar animais e causar enfermidades e mesmo a morte ás persoas. Satán transfórmase nun fero guerreiro do Mal ó que había que combater con ardor non menos fero. O comezo da guerra ten unha data: 1486, ano en que se publicou **Martelo das bruxas** (Kraemer e Sprenger, Editorial Fermar, Madrid, 1976), obra da que aparecerían vinteito edicións nos séculos XV e XVI.

A transformación do Demo era perfectamente lóxica. Por unha parte, temos que o Demo é o Mal. Por outra, o cambio social, ideolóxico e relixioso que supuxo a entrada na Idade Moderna enxendrou desconfianza e conflitos, é dicir, males. Realmente parecería que Satán entrara en erupción.

Será Milton, no seu **Paraíso Perdido**, publicado en 1667, o primeiro autor que demostre admiración polo Demo. Milton, puritano e profundamente piadoso, inclínase con amor ante Cristo salvador dos homes, pero ó mesmo tempo admira a soberbia e o xenio militar e político de Satán.

Pero serán os románticos, que celebran as victorias da fatalidade, os que convirten ó inimigo en heroe. Schiller fainos en **Masnadieri** unha clara apoloxía de Lucifer. Na súa obra **Historia de Francia** Jules Michelet proclama que non hai progreso humano que non fose obra da rebeldía de Satán. Carducci, no famosísimo **Imno a Satana**, converte ó Diabolo en símbolo da liberdade, da ciencia e do progreso. A fe no progreso e o optimismo ante o futuro están presentes tamén en **La fin de Satán** de Victor Hugo.

Hoxe os rasgos tradicionais de Satán resultan incomprensibles. A xente ir dos seus cornos, dos ollos de cabra e dos longos cabelos enmarañados e sucios. Suponse que a súa figura é o fruto da unión contra natura de crenzas católicas e pagás e que só podía existir no tempo da razón durmida.

Non se trata dunha especial xenreira ó Demo. En xeral, ó home cústalle comprender as crenzas doutros tempos e doutras culturas, porque é educado para rexeitar as visións do mundo estrañas, co fin de exaltar e fortalecer a propia. Pobre da sociedade que non utiliza ese recurso de autoestima; pero tamén, ¡que espantoso cando unha nación o fai medrar desorbitadamente!.

Sen embargo, o historiador e o antropólogo, que desexan entender outros modos de pensar, deben superar esa visión etnocéntrica. Quero dicir que comprendo as razóns polas que se deforma ata o ridículo máis absoluto a figura do demo -ou de calquera crenza allea-, pero que non seguirei por ese camiño. Intentarei, en cambio mostrar o verdadeiro significado dalgúns dos rasgos de satán.

Empezarei polos seus cornos, sobre os que se teñen elaborado as máis vexatorias e imaxinativas teorías. Para o noso asombro, reviste moita dificultade investigar desapaixoadamente o significado simbólico dos cornos no mundo antigo.

A imaxe dos machos que turran coa testa e cos cornos ata que un deles consegue a victoria

sobre tódolos seus adversarios acláranos o emprego do corno como símbolo de forza e poder. En galego turrar equivale a trucar, corear e facer forza. En latín a palabra **cornu** significaba corno e tamén forza e vigor. Nas **Metamorfosis** Ovidio fálanos do corno como símbolo de poder na realeza. E a propósito da historia de Cipo, a quen lle saíran cornos: “*Salve, rei, pois a ti, Cipo, e ós teus cornos obedecerán este lugar e as fortalezas latinas. Ti, pola túa parte, omite toda tardanza e apresúrate a penetrar pola porta que se che abre; así o mandan os fados: pois unha vez recibido na cidade, serán rei e gozarás con toda seguridade dun cetro para sempre*”.

Na Biblia abundan os textos nos que o corno equivale a forza e poder. Moisés di de Xosé: “*Primoxénito do touro, a el a gloria, cornos de búfalo os seus cornos: con eles cornea ós pobos todos xuntos ata os confíns da terra*”. Sedecías, fillo de Kenaaná, fixérase uns cornos de ferro e dicía: “*Así di Yahveh: Con estes cornearás a Aram ata acabar con eles*”. O Salmista canta: “*Mira como os teus inimigos perecen, dispérsanse todos os axentes do mal. Pero ti alzas a miña testa como a do búfalo*”.

A ruptura do corno significaba, como é lóxico, a perda do imperio: David “*aplastou os inimigos do contorno, aniquilou ós filisteos, os seus adversarios, para sempre quebrantou o seu corno*”. De Moab destruída e saqueada, Xeremías dixo: “*Partiuse o corno de Moab*”.

O corno non representaba só a forza física e o poder político. Tamén simbolizaba o poder espiritual. Por exemplo, na oración de Ana: “*O meu corazón exulta a Yahveh, o meu corno levántase en Deus*”. “*Yahveh xulga os confíns da terra, da puxanza ó seu Rei, exalta o corno do seu Unxido*”. Zacarías profetizou dicindo: “*Bendito o Señor Deus de Israel porque visitou e redimiu ó seu pobo, e suscitounos un corno salvador na casa de David, o seu servo, como prometera nos tempos antigos pola boca dos seus santos profetas*”.

O poder de Deus simbolízase por medio dos cornos. No **Apocalise** Cristo, o Año, ostenta os setes cornos da omnipotencia: “*Entón vin, de pé, no medio do trono e dos catro Vivintes e dos Anciáns, un Año, como degolado: tiña sete cornos*”.

Os poderes maléficos, en canto que poderes, tamén están dotados de cornos. Antíoco IV Epifanes, a Cuarta Besta da visión de Daniel, tiña dez cornos. Zacarías refírese ás nacións inimigas de Xudá cando di: “*Tiven unha visión. Eran catro cornos. Edíxennlle ó anxo que falaba connigo: -¿Que son estes?*”.

Díxome: *-Son os cornos que dispersaron a Xudá (Israel) e a Xerusalén.*

Yahveh fíxome ver logo catro ferreiros. E dixerun: -¿Que veñen facer estes?

E falou e dixo: -Aqueles son os cornos que dispersaron a Xudá ata que ninguén ousou erguer cabeza. E estes viñeron a espantalos. A abater os cornos das nacións que alzaron o corno contra a terra de Xudá para dispersala”

Na tradición cristiá o Mal, peresonificado na figura de Satán, posúe un poder comparable ó de Deus. Por iso nunca leva os sete cornos que idican totalidade. O Dragón e a Besta do Apocalise, que representan ó demo, teñen dez cornos. O Beato de Liébana comenta: “*Nos seus cornos represéntase o poder*”.

Nos relatos bruxerís e nos contos populares os demos locen máis ou menos cornos segundo a súa categoría; os que ocupan os escalóns máis baixos da xerarquía carecen deles.

Analizando o simbolismo dos cornos, podemos establecer: Satán leva cornos para representar que é un ser poderoso.

Pero o poder de Satán non é neutro. Satán, como encarnación do Mal, emprega o seu poder

na destrución, na morte, no pecado. Ese carácter maléfico do seu poder había que sinalalo. Moitos son os símbolos que a nosa tradición cultural utilizou con ese fin. Estudiaremos, brevemente, un par deles.

O Demo aparece como un ser enormemente sucio. No aquelarre, cando fai a parodia da misa, as súas servas as bruxas “poñen no altar un pano negro, feo e deslucido, por dosel, e nel unhas imaxes de figuras de Demos, caliz, hostia, misal, e unhas vestiduras como as que se usan na igrexa para dicir misa, pero son negras, feas e sucias” (Moratín, L.F. 1846 *“Auto de fe celebrado en Logroño en los días 6 y 7 de noviembre de 1619”*). No **Martelo das bruxas** fálase dun demo que habita nas letrinas. E, para tomar posesión de alguén, gusta de “*penetrar no corpo dunha persoa e enquistarse no intestino e órganos interiores, alí onde se acumulan os excrementos*”

A primeira vista -sesgada pola distancia cultural- parece que Satán, cheo de suciedade e feces, fose o deus dunha arrepiente tribu africana, tal como as ven os guionistas de Holywood. Sen embargo, o pobre Diaño non fai máis ca aterse ó simbolismo tradicional, que inicia por medio da suciedade exterior e a inmundicia da alma. Frei Luis de Granada dicía que o pecado converte ás persoas en “*carnais e sucias*” e “*quita a paz e a alegría da conciencia, apaga o fervor do espírito e deixa ó home sucio, feo e abominable*” Por contra, Deus “*é absolutamente limpo por natureza, limpa a mesma limpeza*”. E os inocentes son limpos, teñen a conciencia limpa.

Asociado ó simbolismo da suciedade está o dos cabelos, por ser parte do corpo que con maior facilidade se ensucia. Dicía San Francisco de Sales, que, das partes do corpo, “*ningunha é tan vil como os cabelos*”. Nesa vileza, sumada ó seu aspecto, baséase a crenza de que un cabelo pode transformarse na satánica cobra.

Peludo equivale a sucio e, polo tanto, a impuro. E cortar os cabelos significaba a limpeza espiritual. De aí a tonsura dos cregos: “*A rapadura que se fai na parte superior da cabeza obedece -asegura VoráGINE- a tres razóns: dúas delas están indicadas no libro **Da xerarquía celestial** de Dionisio. Di este autor que a tonsura significaba vida limpa e renuncia ó ornato; e di ben, porque a tonsura implica limpeza e fealdade, que son as dúas razóns ás que aludíamos; limpeza, porque na tonsura eliminanse as suciedades que adoitan producirse nos cabelos; e fealdade, porque coa rapadura do pelo queda ó descuberto a deformidade do cráneo que non se ve cando está cuberto pola cabeleira. Razón ten, pois Dionisio, cando di que a rapadura significa vida limpa e renuncia ó ornato. Séguese diso que os cregos han de ter gran limpeza de corazón, e exteriormente mostrárense sinxelos e modestos no seu porte e vestimenta. Pero hai unha terceira razón: o desprendemento...*”

O Demo, espiritualmente sucio, tiña necesariamente que ser peludo. Os testimonios non faltan. O Demo que viu Agnes Sampson en North Berwick tiña unha cara terrible, “*o seu nariz parecía un pico dunha aguia, os seus grandes ollos flameaban, as súas pernas e as súas mans eran peludas*”. A Anne Bodenhams e a Anne Styles “*aparecéronselles dous espíritos en forma de dous corpulentos rapaces de pelo longo e cerdoso*”. A un mozo de Laroá (Ourense) presentóuselle o Inimigo en forma de señorita e “*ó pretender tocala atopouse cunhas formas duras e peludas*”.

Polo tanto, cando a cultura tradicional fala do Demo cornudo, con pelo sucio, etc. está plasmando por medio de símbolos a súa concepción dese personaxe. En realidade tódolos Demos están destinados a dicir dúas cousas: que é poderoso e que é malo, que é o Mal. Non me parece que sexa unha crenza tan extravagante. Simplemente que está expresada nunha linguaxe esquecida, case morta. Digo case, porque aínda pervive na cultura popular. Pero xa haberá xente “cultu” que se encargue de “demostrarlles” ós labregos que as súas crenzas sobre o Demo son absurdas, irracionais, pagás, etc. Sempre a mesma historia.

Da mesma maneira poderíamos analizar outros rasgos do Demo: vellez, frialdade, defectos físicos, olor, etc. Tamén a súa asociación co ferro, coa muller, con certos animais, con certos lugares e con determinados tempos do ano. Se alguén se sente tentado pola impopular ousadía de escapar dos tópicos etnocéntricos e quere coñecer o significado deses rasgos pode ler **Satán, sus siervas las brujas y la religión del Mal** (Mariño Ferro X.R., Edicións Xerais de Galicia).

As bruxas non son máis cá imitación do Demo e comparten os mesmos símbolos. Son as servas de Satán, como os cristiáns os servos de Deus. Para defenderse delas úsanse os obxectos sagrados , coma cruces, rosarios, estampas, auga bendita, etc. Por outra banda úsanse, como armas simbólicas, as armas reais: fouces, coitelos, navallas, etc. E tamén as armas naturais, é dicir, aquelas coas que se defenden os animais e as plantas: cornos, dentes, espiñas, etc.